

Venres, 28 de maio de 2021

Núm. 100

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEAÑO

Ordenanzas e Regulamentos

TEXTO ÍNTEGRO DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE TRANSPORTE ASISTENCIAL

O Pleno da Corporación en sesión de data 19 de febreiro de 2021, acordou

“1º/ Modificar as cotas/tarifas da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación do Servizo de Transporte Asistencial, reducíndoa nun 20%, para todos os desprazamentos, quedando como segue:

“Cotas/Tarifas.-

Por cada desprazamento para acudir a centros ou equipamentos sociais no termo municipal ou asistir as actividades que organice o Concello nas que poidan participar os usuarios 2,40 €/desprazamento completo ida e volta.

Os restantes desprazamentos: 4,00 €/desprazamento completo ida e volta.

Deduccións no importe.-

1. Estes importes reduciranse polo desprazamento dunha parella ou máis dun membro da mesma unidade familiar ou de convivencia, gozan dunha deducción do 20 % da cota tributaria desta taxa, e queda fixada en:

Por cada desprazamento para acudir a centros ou equipamentos sociais no termo municipal ou asistir as actividades que organice o Concello nas que poidan participar os usuarios 1,92 €/desprazamento completo ida e volta.

Os restantes desprazamentos: 3,20 €/desprazamento completo ida e volta.

Estas deduccións só serán de aplicación aos residentes no termo municipal.

2. O titular do recibo terá dereito á deducción da cota á que se refire o punto primeiro, logo de solicitude dirixida ao Sr. alcalde/sa do Concello de Meaño á que achegará a documentación seguinte:

- a) Copia do DNI
- b) Certificado de convivencia/empadronamento.



Venres, 28 de maio de 2021

Núm. 100

3. No caso de non resultar acreditadas as circunstancias que dan dereito á deducción, o Concello, logo de audiencia ao interesado, dictará a oportuna resolución denegándoa.

4. A deducción será practicada no seguinte mes da solicitude e acreditación das circunstancias que dan dereito a deducción, a partir de que esta sexa efectiva.

5. Calquera modificación das circunstancias que deron lugar ó aproveitamento da deducción deberá ser comunicado polo interesado ao Concello. A perda do dereito a deducción será efectiva a partir do período seguinte de recibo ó que a devandita modificación teña lugar.

Entrada en vigor e comenzo de aplicación.-

A presente modificación que afecta á tarifa da Ordenanza Fiscal Reguladora desta taxa, aprobada polo Pleno da Corporación, entrará en vigor o día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación o día 1 do mes seguinte ao da súa publicación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

O que se fai público para xeral coñecemento, en cumprimento do artigo 17.4 do R.D.Lvo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra este acordo poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo a partir desta publicación no BOP na forma e pazos que se establecen as normas reguladoras da devandita xurisdicción.

En Meaño, o alcalde Carlos Vieitez Fenández

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

